

## **BASES DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A CELEBRACIÓN DOS EVENTOS FEIRAIS QUE SE VAN A REALIZAR AO LONGO DO ANO 2024**

**Primeira. OBXECTO DO CONTRATO.** As bases que se detallan a continuación rexerán a selección de persoal para a contratación laboral do PERSOAL necesario para a realización dos seguintes eventos feirais, organizados pola *Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada*:

- **FEIRA DE OPORTUNIDADES DO COMERCIO.**
- **FEIRA DO MOBLE DE GALICIA.**
- **FEIRAS DE ANTIGÜIDADES.**
- **SALÓN DO VEHÍCULO DE OCASIÓN**

**Segunda. DEFINICIÓN DE POSTOS.** As presentes bases rexerán a contratación dos seguintes postos de traballo, sendo de aplicación a baremación correspondente:

- **FEIRA DE OPORTUNIDADES DO COMERCIO:**
  - 4 postos de persoal para o servizo de Azafatas/os.
  - 2 posto de persoal para o servizo de Mantemento.
  - 2 postos de persoal para o servizo de limpeza.
- **FEIRA DO MOBLE DE GALICIA:**
  - 2 posto de persoal para o servizo de Mantemento.
  - 2 postos de persoal para o servizo de limpeza.
  - 5 postos de persoal para o servizo de Azafatas/os.
- **FEIRAS DE ANTIGÜIDADES:**
  - 4 postos de persoal para o servizo de Azafatas/os.
  - 4 postos de persoal para o servizo de limpeza.
  - 5 postos de persoal para o servizo de Mantemento.
- **SALÓN DO VEHÍCULO DE OCASIÓN:**
  - 4 Postos de persoal para o servizo de Azafatas/os.
  - 2 Postos de persoal para o servizo de Limpeza.
  - 2 Posto de persoal para o servizo de Mantemento.

**Terceira. REQUISITOS.** Poderán solicitar tomar parte nesta contratación as persoas físicas que cumpran as seguintes condicións:

- Ter cumpridos os 16 anos de idade.
- Ter nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera

que sexa a súa nacionalidade, o/a cónxugue dos/as nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmos, coas mesmas condicións poderán participar os/as descendentes e as/os do seu/súa cónxugue sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os extranxeiros que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, teñan residencia legal en España.

- Non padecer enfermidade ou deficiencia física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións inherentes ao posto.
- Estar en posesión do Certificado de Escolaridade ou equivalente.
- Coñecer o idioma oficial da Comunidade Autónoma de Galicia. Para a súa acreditación presentárase copia cotexada do título Celga 2 ou Título Iniciación en lingua galega; ou ben os estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. A acreditación documental é requirimento obrigatorio para os efectos de exención da proba de lingua galega.
- No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.
- Os/as aspirantes, deberán posuír os requisitos no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da toma de posesión.

#### ***Quarta. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.***

- Os/as aspirantes presentarán as súas solicitudes na sede da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada (Zona Deportiva s/n A Estrada) ou ben en calquera dos lugares previstos na Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de procedemento administrativo común, enviando escaneada a solicitude ao mail da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada (fecae@feiradomoble.com).
- O prazo de presentación será de cinco (5) días naturais a partir do seguinte á publicación do anuncio, empregando os medios que a normativa vixente establece.
- A solicitude deberá acompañarse de:
  - Curriculum Vitae.
  - Copia cotexada do D.N.I. ou pasaporte. No caso de extranxeiro/a, acreditar documentalmente as circunstancias que lle permitan acceder legalmente ao posto ofertado.
  - Copia cotexada do título correspondente ao Certificado de Escolaridade ou equivalente.
  - Para a exención da proba de lingua galega, deberáse presentar copia cotexada ou título de celga 2 ou título de iniciación da lingua galega ou ben, estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.
  - Copia cotexada de todos os méritos que se alegan.
  - Informe de vida laboral expedido pola TXSS e contratos de traballo cando sirvan de base para a aplicación do baremo.

#### ***Quinta. PROBA DE LINGUA GALEGA***

Os/as aspirantes que non estiveran en posesión do título de celga 2, título de iniciación da lingua galega ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, deberán realizar con carácter obrigatorio e eliminatorio unha proba do idioma, que consistirá nun exercicio de tradución galego-castelán/castelán-galego.

A relación de aspirantes que deberán superar a proba publicaráse, xunto co lugar, día e hora de realización da mesma, no taboleiro de anuncios da devandita Fundación.

A devandita proba, realizarase con posterioridade a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A duración desta proba, será dunha hora.

Publicaranse os resultados da proba (Apto/a-Non Apto/a) e establecerase un prazo de dous días naturais para reclamar, si é o caso. A seguir, publicaranse os resultados definitivos. Estes datos, publicaranse no taboleiro de anuncios da Fundación.

#### **Sexta. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Publicarase no taboleiro de anuncios da Institución, así como, na web da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada (www.feiradomoble.com), a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación da causa de exclusión. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de tres días naturais para poder reclamar, si é o caso, o defecto que motivase a exclusión. A seguir, publicarase a relación definitiva.

#### **Sétima. BAREMOS DE SELECCIÓN**

**BAREMOS DE SELECCIÓN DO PERSOAL DE LIMPEZA.** Consideraranse para o desempeño do posto de traballo os seguintes méritos con carácter preferente:

##### **Valoracións:**

- Segundo os **estudos realizados distintos ao esixido:**  
Graduado Escolar/ ESO ..... 1,5 puntos  
Por cada nivel superior ..... 0,25 puntos  
A puntuación máxima será de 2 puntos
  
- Se posúe o curso de **Prevención de Riscos Laborais:**  
Curso Básico ou superior de Prevención de Riscos Laborais..... 0,20 puntos
  
- Se posúe outros  **cursos relacionados co posto** a desempeñar de máis de 10 horas:  
Título expedido en entidades homologadas por Institucións Públicas..... 0,10 puntos  
Outros títulos non homologados por Institución Públicas..... 0,05 puntos  
A valoración máxima neste apartado será de 0,80 puntos
  
- Segundo a **experiencia laboral relacionada co posto:**  
Por cada mes traballado..... 0,20 puntos  
A puntuación máxima será de 4,80 puntos

**A puntuación máxima de méritos será de 7,80 puntos**

#### **BAREMOS DE SELECCIÓN DO PERSOAL DE MANTEMENTO**

Consideraranse para o desempeño do posto de traballo os seguintes méritos con carácter preferente:

##### **Valoracións:**

- Segundo os **estudos realizados:**  
Graduado Escolar/ ESO ..... 1,50 puntos  
Por cada nivel superior ..... 0,5 0 puntos  
A puntuación máxima será de 2 puntos
  
- Se posúe o curso de **Prevención de Riscos Laborais:**  
Curso Básico ou Superior de Prevención de Riscos Laborais..... 0,20 puntos
  
- Se posúe outros  **cursos relacionados co posto a desempeñar** de máis de 10 horas:  
Título expedido en entidades homologadas por Institucións Públicas ..... 0,10 puntos

- Outros títulos non homologados por Institucións Públicas..... 0,05 puntos  
A valoración máxima neste apartado será de 0,80 puntos
- Segundo a **experiencia laboral relacionada co posto:**  
Por cada mes traballado..... 0,20 puntos  
A puntuación máxima será de 4,80 puntos.

**A puntuación máxima de méritos será de 7,80 puntos**

### **BAREMOS DE SELECCIÓN DO POSTO DE AZAFATA E PORTEIRO**

Consideraranse para o desempeño dos devanditos postos de traballo os seguintes méritos con carácter preferente:

#### **Valoracións:**

- Segundo os **estudos realizados:**  
Graduado Escolar/ ESO ..... 1 puntos  
Ciclo formativo de grao medio ..... 1,25 puntos  
BUP/COU ..... 1,5 puntos  
Ciclo Formativo de Grao Superior ..... 1,75 puntos  
Estudios Universitarios ..... 2 puntos  
A puntuación máxima será de 2 puntos  
*\* No caso de posuír varias titulacións só se valorará a titulación superior*
- Se posúe outros **cursos relacionados co posto a desempeñar** de máis de 10 horas:  
Título expedido en entidades homologadas por Institucións Públicas ..... 0,20 puntos  
Outros títulos non homologados por Institucións Públicas..... 0,10 puntos  
A valoración máxima neste apartado será de 1 punto
- Segundo a **experiencia laboral relacionada co posto:**  
Por cada mes traballado.....0,20 puntos  
A puntuación máxima será de 4,80 puntos

**A puntuación máxima de méritos será de 7,80 puntos**

#### **Oitava. ÓRGANO DE SELECCIÓN**

A composición do órgano de selección farase pública xunto coa lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as a efectos da súa recusación, si é o caso, por parte dos/as aspirantes. O tribunal estará composto por 3 membros: Presidente/a, secretario/a e un vogal. Resultan de aplicación as Instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril do 2007, modificadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os participantes no proceso selectivo poderán recusar aos membros do tribunal nos que concorra algunha das causas de abstención relacionadas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 30 de novembro, de réxime xurídico do sector público..

#### **Novena. RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO**

Os resultados da fase de baremación serán publicados no taboleiro de anuncios da Institución, así como, na súa páxina web (www.fecae@feiradomoble.com).

Determinarase un prazo de dous días naturais para a presentación de reclamacións.

En caso de empate aplicarase:

- En primeiro lugar, o disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xuño, para a igualdade de mulleres e homes, que dispón que no suposto de existir infrarrepresentación do sexo feminino o empate resolverase a favor da muller.

- En segundo lugar, terás en conta a puntuación outorgada aos méritos enunciados no baremo respectivo pola orde establecida na convocatoria.
- En terceiro lugar, aplicarase a letra establecida na Resolución para o ano 2022 pola que se fai público o sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- No caso de que, pola letra do sorteo tampouco se poida desempatar, resolveráse o empate mediante sorteo entre os implicados.

**Finalizado o proceso, confeccionarase o listado definitivo e realizarase a contratación a favor do(s)/a(s) candidato(s)/a (s) que obtivera (n) a maior puntuación.**

***Décima. SALARIO***

O/a candidato/a seleccionado/a percibirá a remuneración establecida pola Institución organizadora dacordo coa lexislación laboral vixente.

***Décima primeira. CONTRATO***

O contrato rexeráse polo disposto na lexislación reguladora de *Contratos eventuais ou por circunstancias da produción*, e estenderase ao período de celebración do **evento feiral, obxecto de contrato**.

***Décima segunda. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA***

A publicidade da convocatoria, farás a través de anuncio indicativo publicado no Diario Oficial de Galicia e en todo caso, axustarás ao establecido pola Lei 16/2010 de 17 de Decembro de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

**OUTRAS DISPOSICIÓNS.**

No caso de quedar deserto o proceso selectivo, será posible convocalo canta veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

**As bases estarán depositadas a disposición dos/as candidatos/as na sede da *Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada* (Zona Deportiva s/n, A Estrada- Pontevedra)**

**A Estrada, a 09 de Xaneiro do 2024**